

1. ¿ Como e cando pódese inscribir un proxecto en BFFood?

Os proxectos que opten a participar en BFFood só poderán realizar a solicitude a través da paxina web da aceleradora, www.bffood.gal, para o que deberán darse de alta e cumprimentar o cuestionario de inscrición do proxecto. En cada nova edición de BFFood ábrese un período para a inscrición de proxectos; as datas son publicadas na nosa web. Tedes á vosa disposición un teléfono (881 023 853) e unha dirección de correo electrónico (bff@clusaga.org) no que poder consultar as dúbidas que vos aparezan durante o proceso de inscrición. Cando o proxecto fose aceptado no proceso de selección, enviarase un correo electrónico de confirmación remitido por BFFood.

2. ¿Que programas ten BFFood?

BFFood ten dous programas ou fases: Aceleración e Consolidación. **Nesta primeira edición só convócanse proxectos ao Programa/Fase de Aceleración.** Nas seguintes convocatorias buscaranse proxectos para ambos Programas/Fases

3. ¿Como se sabe se un proxecto corresponde á fase de aceleración ou de consolidación?

O grao de desenvolvemento dos proxectos determina en que tipo de Programa (Aceleración ou Consolidación) pódese participar, aínda que, nesta primeira edición de BFFood só convocarase para o Programa de Aceleración. BFFood divide os proxectos en dous graos de desenvolvemento:

- a) Fase *seed* ou semente, proxectos para participar na Fase de Aceleración. Trátase de proxectos nunha etapa inicial, onde se está desenvolvendo ou se desenvolveu un produto ou servizo mínimo viable e esbozouse o modelo de negocio.
- b) Fase *early stage* ou fase temperá, proxectos para participar na Fase de Consolidación. Trátase xa de empresas cun produto ou servizo definido e primeiras vendas xa realizadas. O modelo de negocio está estruturado e está a ser escalado, polo menos, de maneira incipiente.

Durante o enchemento do formulario de inscrición, elixirase o Programa ao que c pertence o proxecto. Posteriormente, o Consello Executivo de BFFood durante a avaliación do proxecto poderá ratificar a elección ou ben, se así o considera, trasladar o proxecto ao Programa que crean conveniente. En ningún caso, unha elección errónea da fase na que inscribirse supoñerá o descarte da candidatura do proxecto.

4. ¿Cal debe ser a natureza do proxecto e o grao de desenvolvemento?

En canto á natureza dos proxectos, a iniciativa está dirixida a:

- a) Startups promovidas por emprendedores.
- b) Spin- outs resultado dunha empresa existente ou da colaboración de varias empresas
- c) Spin- offs con orixe en universidades ou centros tecnolóxicos.

5. ¿Qué tipo de proxecto pódense presentar a BFFood? ¿É necesario ter constituída a sociedade?

BFFood diríxese exclusivamente a proxectos relacionados co emprendemento no sector alimentario ou de aplicación a este sector. Neste marco global, os proxectos deberán responder especificamente a cuestións máis concretas definidas a través dos retos establecidos desde BFFood, establecidos polas empresas tractoras da iniciativa (pódese consultalos nas Bases do Programa).

Existen unha serie de características que é necesario cumprir dependendo do Programa ao que opte o proxecto:

- a) Os proxectos que opten ao Programa de Aceleración poden non ter entidade xurídica propia no momento de presentación, pero adquire o compromiso de desenvolver un proxecto empresarial coa Comunidade Autónoma de Galicia como lugar de referencia, así como constituír unha empresa e un centro de actividade durante esta fase. No caso de que os proxectos xa estean constituídos formalmente como empresa (para a definición de empresa utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño)), non poderán superar unha antigüidade máxima de 42 meses no momento da presentación da candidatura (en liña coa Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia).
- b) Os proxectos que opten ao Programa de Consolidación deberán estar constituídos formalmente como empresa cunha antigüidade máxima de 6 anos desde a presentación da solicitude. Así mesmo, é obrigatorio que teña o domicilio social, fiscal e un centro de actividade da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou o compromiso de establecelo antes da finalización da fase de ingreso.

6. ¿En BFFood pódese participar cunha empresa que non sexa unha sociedade mercantil?

As condicións son diferentes segundo a modalidade á que opten os proxectos, neste caso:

- a) Os proxectos que opten polo Programa de Aceleración pode presentar con calquera tipo de empresa (para a definición de empresa utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño)).
- c) Os proxectos que opten ao Programa de Consolidación é necesario que estea constituído como unha sociedade mercantil (sociedade limitada (S. L.), sociedade de responsabilidade limitada (S. L. R.) ou sociedade anónima (S.A.)).

7. No caso de ser seleccionado, ¿o proxecto debe trasladarse a Santiago?

Non é necesario establecer o centro de actividade da empresa en Santiago, aínda que, gran parte das accións de BFFood realizáranse en Santiago. BFFood contará cun espazo

de co-working e salas de reunións na Fundación FEUGA, e aquelas iniciativas que queiran poden instalarse na devandita localización.

8. ¿Hai algún requisito de nacionalidade?

Non, non hai ningún requisito; en BFFood pódese presentar proxectos de calquera país. En caso de resultar seleccionado, debera desenvolver un proxecto empresarial coa Comunidade Autónoma de Galicia como lugar de referencia, así como constituír unha empresa e un centro de actividade antes do comezo do Programa de Aceleración, no caso de proxectos que opten a esta programa; ou ter o domicilio social, fiscal e un centro de actividade da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou compromiso de establecelo antes do Programa de Consolidación.

9. ¿Cal é o idioma da iniciativa?

Pódese inscribir candidaturas en español, galego ou inglés. Tanto os Programas de Aceleración como Consolidación serán desenvoltas en español ou galego.

10. ¿Qué criterios se terán en conta á hora de seleccionar os proxectos finalistas?

Nas candidaturas valorávese principalmente o equipo e o proxecto en función dos criterios establecidos, nas Bases do Programa pódese ver en maior detalle. Aqueles proxectos que opten ao Programa de Aceleración (proxectos *seed* ou semente nas primeiras etapas de desenvolvemento), a valoración que obteñan ponderávese cun peso do 60% o equipo e do 40% o proxecto.

11. ¿ Existe un límite de proxectos que se pode presentar?

Depende. Cada iniciativa empresarial (este constituída ou non) pode presentar varios proxectos, pero optara soamente á elixibilidade dun deles. Se, con todo, os proxectos proceden dunha universidade ou un centro tecnolóxico, poderá resultar elixible máis dun proxecto dos que presente.

12. ¿ Como se comunica os proxectos seleccionados?

Unha vez pechada a fase de convocatoria iniciarase a fase de selección. Ao longo desta fase poñerémonos en contacto cos proxectos seleccionados para participar nas entrevistas persoais e en Pitch Day. Posteriormente na fase de selección, se o proxecto é un dos elixidos recibirá un correo electrónico coa invitación formal para participar en BFFood, á que tendra que contestar nun prazo máximo de 72 horas ou daremos por desestimada a invitación. Tamén publicaremos na nosa web a listaxe dos proxectos seleccionados.

13. ¿Pódese participar no programa e recibir fondos doutras fontes de financiamento?

Pódese recibir axudas doutros organismos públicos ou privados, tanto a nivel nacional como internacional para o mesmo fin polo que se esta en BFFood, pero sempre se debe poñelo en coñecemento do Consello Executivo para que valore a súa compatibilidade ou non coa iniciativa. Neste punto, é importante que se consulten as condicións das axudas que se obteñan e ás que se acollen en BFFood para verificar que non hai incompatibilidades.

14. ¿Como se trata a información proporcionada na inscrición?

Toda a información que se proporcione será tratada coa confidencialidade debida. Para máis detalles pódese consultar o apartado de aspectos legais das Bases de Convocatoria e a política de privacidade en www.bffood.gal

15. Se o proxecto non encaixa en ningunha dos retos, presentarse igualmente?

Encaixar nun dos retos é un dos criterios de elixibilidade, cuxo cumprimento é indispensable para que o proxecto poida ingresar no proceso de selección. En calquera caso, o Consello Executivo, durante a Fase de Selección, valorará ata que punto o proxecto está aliñado cun ou varios dos retos.

16. En caso de participar no Programa de Aceleración, ¿o proxecto pasaría directamente ao Programa de Consolidación?

Non pasaría directamente; unha vez un proxecto termine o seu paso polo Programa de Aceleración, poderá optar ao Programa de Consolidación como un proxecto máis, sempre pasando previamente pola Fase de Selección onde será avaliado como o resto dos proxectos que se presenten, nunca pasará directamente.